




Dados os acontecementos ocorridos no ámbito do noso Colexio durante os últimos meses, gustárame dirixirme a todo o colectivo a fin de clarificar e puntualizar algúns aspectos coa finalidade de que os nosos colexiados e colexiadas teñan unha información directa por parte do seu Decano e da súa Xunta de Goberno.

Como a maior parte de vós saberedes, desde finais do ano pasado viñéronse realizando accións de protesta en dous ámbitos estreitamente ligados ao noso colectivo: as condicións de prestación do servizo de asistencia e quenda de oficio e a situación e expectativas respecto de Mutualidad de la Abogacía. As ditas reivindicacións xeraron diversas polémicas internas ata certo punto innecesarias que procede explicar desde o que é o voso Colexio.

Unha das principais preocupacións da Xunta de Goberno foi sempre as condicións nas que se presta o servizo de asistencia e quenda de oficio, algo común cos outros seis colexios galegos, o que determinou unha permanente reivindicación da súa mellora. Ese traballo que se veu desenvolvendo durante décadas traducíuse nun incremento dos pagos e dos conceptos recoñecidos, sendo os primeiros en recoñecer e denunciar a súa insuficiencia. Desde o Colexio consideramos que a retribución é insuficiente e que faltan numerosos conceptos por incluír no pagamento da quenda de oficio, e niso parece existir consenso no conxunto da avogacía.

Con todo, o procedemento de reclamación das ditas lexítimas reivindicacións foi diverso. Así, cando unilateralmente por parte dunha serie de asociacións se convocou os avogados adscritos ás distintas quendas de oficio a secundar unha folga indefinida sen previamente manter o máis mínimo contacto co Colexio, estimamos que, ademais de non ser o modo adecuado, non era o momento oportuno, xa que existía





un convenio en vigor subscrito por todos os colexios galegos coa Dirección Xeral de Xustiza, o cal, ademais, nese momento atopábase en fase de negociación para a subscrición dun novo convenio que mellorase o anterior.

Doutra banda, despois das incidencias que se viñeron sucedendo nos últimos anos no ámbito da xustiza e que a mantiveron paralizada (folga de funcionarios, pandemia, folga de LAX etc.), con claro prexuízo económico para o noso colectivo, unha nova paralización indefinida non nos parecía o máis oportuno. Porén, respectamos a decisión dalgúns compañeiros e compañeiras de manter unha folga indefinida e mesmo atendemos peticións puntuais dalgúns deles, colaborando con algunhas accións, cando o fin era a reivindicación das melloras no ámbito da quenda de oficio.

Tampouco estamos en contra, mentres non se prexudique a outros compañeiros, en que os que así o queiran poidan pasar ao RETA as súas achegas á Mutualidad, conscientes da especial preocupación que xera esta cuestión no conxunto do noso colectivo. É por iso polo que, desde o Colexio, se organizaron varias accións que permiten ter coñecemento de primeira man da complexidade da situación e realizáronse distintas charlas informativas con responsables tanto de Mutualidad de la Abogacía como da Seguridade Social. Tamén se convocou os compañeiros para a creación dunha comisión colexial para o estudo e seguimento das distintas actuacións que se están a levar a cabo ante os órganos que, á fin e ao cabo, teñen a potestade para realizar a modificación lexislativa necesaria para iso, algo que aínda non se puido organizar ao contar só coa colaboración dunha compañeira.

Parece fundamental insistir en que, dentro das funcións do Colexio, está a organización e xestión das distintas quendas de oficio, e por iso é responsabilidade da súa Xunta de Goberno conciliar o interese



dos colexiados co interese social e os dereitos dos cidadáns (art. 9.b da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais de Galicia). Por iso, cada vez que un particular pon no noso coñecemento algunha anomalía no funcionamento dun servizo ou formula directamente unha queixa contra un colexiado, é obrigación da Xunta de Goberno abrir unhas dilixencias informativas, onde, coa oportuna contradición, preténdese determinar a realidade do ocorrido e dar solución, de ser o caso, ao problema formulado.

Neste sentido, e para xeral coñecemento de todos os compañeiros e compañeiras, infórmase de que, con ocasión da actual folga indefinida secundada por algúns dos colexiados adscritos ás quendas de oficio, abríronse tres dilixencias informativas, das cales, ningunha concluíu e, por tanto, ningunha deu lugar á apertura dun expediente disciplinario, como de maneira equívoca se publicou nas redes sociais ou mesmo se coreou durante o transcurso da manifestación deste pasado venres en Santiago.

Na nosa firme convicción, os problemas da xustiza gratuíta e da quenda de oficio resolveranse coa reforma da lei que a regula e cun maior orzamento, o que está nas mans do lexislativo e do executivo, non nas mans dos colexios profesionais, que seguen comprometidos na loita porque se produza esa reforma.

Só intereses espurios, poden responsabilizar os colexios dos males da xustiza gratuíta e fomentar a división do noso colectivo.

Por suposto que respectamos as opinións de compañeiros en contra da actividade colexial e incluso contra a existencia mesma dos colexios, pero non podemos estar de acordo con algunhas das formas de amosar ese desacordo que soportamos durante estes meses, e de ningún modo esa disidencia xustifica nin o insulto nin a terxiversación nin a xeración permanente dun clima de animadversión persoal cara a



min ou aos demais membros da Xunta de Goberno, tratando de responsabilizarnos de ser os causantes dos males que afectan a boa parte dos compañeiros, obviando que todos somos colexiados e que tamén participamos dos mesmos problemas e que o labor que realizamos, con maior ou peor fortuna, é en defensa dos compañeiros e da profesión, dentro do marco legal vixente, para a mellor defensa dos dereitos e liberdades individuais e colectivas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O decano

Francisco J. Rabuñal Mosquera

O secretario

Manuel F. Martín García

ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Nº Registro: RS-000420
Of. Registro: ICA SANTIAGO
26/02/2024 09:58:57
Página: 4 de 4
REGISTRO DE SALIDA